



CIRCULAR INFORMATIVA

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR

Publicado na Orde do 10 de maio de 2023 (DOG do 19 de maio) o procedemento para participar no fondo solidario de libros e para solicitar axudas para a adquisición dos libros de texto e de material escolar.

Convocatoria	Alumnado que pode solicitar	Tramos renda (exercicio 2021)	Axuda	Requisitos
Fondo solidario	3º e 4º de EP	Igual ou inferior a 6.000€	6 libros	<ul style="list-style-type: none"> Solicitud máis documentación Ter devolto os libros do ano anterior (3º e 4º EP) Compromiso asinado de devolución en bo estado
		Superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€	4 libros	
Vale libros	1º e 2º EP	Igual ou inferior a 6.000€	240€	<ul style="list-style-type: none"> Solicitud máis documentación
		Superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€	160€	
Vale material	1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º de EP	Igual ou inferior a 6.000€	75€	<ul style="list-style-type: none"> Solicitud máis documentación
		Superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€	60€	
Vale libros	Alumnado con NEAE	Igual ou inferior a 6.000€	240€	<ul style="list-style-type: none"> Solicitud máis documentación Informe do centro Estar matriculado en centros de EE, centros específicos ou Discapacidade igual ou superior ao 65%
		Superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€	160€	
Vale material	Alumnado con NEAE	Igual ou inferior a 6.000€	75€	<ul style="list-style-type: none"> Solicitud máis documentación
		Superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€	60€	

PROCEDEMENTO

- A solicitude será **única** para todas as axudas e para todos os fillos/as admitidos/as no mesmo centro para o curso 2023/2024. Poderá realizarse a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) ou a través da sede electrónica. Tamén pode descargarse na web do centro ou solicitala na secretaría do colexio.
- A solicitude debidamente cuberta e asinada acompañarase da seguinte documentación:
 - Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros computables da unidade familiar (situación de referencia a 31 de decembro de 2021).
 - De ser o caso calquera outra documentación acreditativa (certificado de discapacidade, violencia de xénero, sentencias xudiciais...).
 - Para o cálculo da renda per cápita terase en conta a renda do 2021 (casillas 435+460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Prazo para a entrega:
 - Do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023.**
- Presentación:
 - Preferiblemente por vía telemática (<https://sede.xunta.gal>)
 - Presencialmente na secretaría do centro onde está admitido para o curso 2023/2024.

A información completa pódese atopar no enderezo web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslao/>

Cambre, a 19 de maio de 2023

A dirección